

Martes, 5 de xaneiro de 2021

Núm. 2

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Persoal, oposicións

MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS DOS PROCESOS SELECTIVOS DE 1 PRAZA DE TÉCNICO ADMÓN XERAL, 1 PRAZA DE ADMVO E 1 PRAZA DE TÉCNICO SUP MANTTO OEP 2020, Q.L.

ANUNCIO

A concellería delegada do Servizo de Persoal e Cultura , en data 29/12/2020 ditou a seguinte resolución:

*Número de expediente: 2020/PROCESOSELECTIVO/000012
2020/PROCESOSELECTIVO/000014
2020/PROCESOSELECTIVO/000015*

“RESOLUCIÓN DA CONCELLERÍA DELEGADA DO SERVIZO DE PERSOAL E CULTURA POLA QUE MODIFICA A RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A RELACIÓN DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDOS/AS E SE FIXA A DATA DE CONSTITUCIÓN DOS TRIBUNAIS E DOS PRIMEIROS EXERCICIOS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA CUBRIR UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL, UNHA PRAZA DE ADMINISTRATIVO/A E UNHA PRAZA DE TÉCNICO/A SUPERIOR DE MANTEMENTO DE ESPAZOS PÚBLICOS INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2020, POLA QUENDA LIBRE

Por Resolución da Concelleira Delegada do Servizo de Persoal e Cultura (publicada no BOP núm.232, do 01 de decembro de 2020) aprobáronse as listas provisionais de aspirantes admitidos/as e excluídos/as e a composición dos tribunais dos procesos selectivos convocados para cubrir varias prazas incluídas na OEP do ano 2020.

Mediante Resolución de data 21 de decembro de 2020, da Concelleira Delegada do Servizo de Persoal e Cultura aprobáronse as listas definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as dos procesos selectivos convocados das prazas de técnico/a de administración xeral (1 praza), de administrativo/a (1 praza) e técnico/a superior de mantemento de espazos públicos (1 praza). Nesa mesma resolución nomeouse persoal asesor e determinouse a data en que terá lugar a constitución dos tribunais cualificadores e a celebración dos primeiros exercicios de ditos procesos selectivos.

Pois ben, considerase que debe revogar o nomeamento do persoal asesor establecido na devandita resolución, para que este sexa proposto, se así se considera, polos propios tribunais e só despois, se estes formulan proposta e cando debe procederse a nomear a ese persoal por esta concellería.



Martes, 5 de xaneiro de 2021

Núm. 2

En consecuencia,

RESOLVO:

Primeiro.- Modificar a Resolución de data 21 de decembro de 2020, da Concelleira Delegada do Servizo de Persoal e Cultura na que se aprobaron as listas definitivas de aspirantes admitidos/as e excluídos/as, nomeouse ao persoal asesor e determináronse as datas en que terá lugar a constitución dos tribunais cualificadores e a celebración dos procesos selectivos convocados das prazas de técnico/a de administración xeral (1 praza), de administrativo/a (1 praza) e técnico/a superior de mantemento de espazos públicos (1 praza), no senso de revogar o punto Segundo.- Nomeamento de persoal asesor, que literalmente dispón:

Segundo.- Nomeamento de persoal asesor. Consonte ao disposto na base 8ª das bases reguladoras da convocatoria procedese ao nomeamento do seguinte persoal asesor :

- Don Santiago Pérez Agra, técnico superior enxeñeiro informático do Concello de Pontevedra e, como suplente, don Jaime Barba García Borregón, informático do servizo de Informática do Concello de Pontevedra, para a corrección informática dos exercicios da fase de oposición que consistan nunha proba tipo test.

- Dona Concepción Cochón Rodríguez, Asesora Lingüística do Servizo de Normalización Lingüística, para a corrección dos exercicios da fase de oposición que consistan nunha proba sobre coñecemento do idioma galego”.

Segundo.- Excepto no revogado no punto anterior, mantén a súa vixencia a Resolución sinalada no apartado anterior de data 21 de decembro de 2020.

Terceiro.-Contra a precedente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse ben o recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ao amparo do establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas ou ben o recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa notificación ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Pontevedra.

Así o ordena e dispón a concellería delegada no exercicio das súas atribucións delegadas, ante o Secretario da Administración Municipal, que DA FE da precedente resolución.”

